

## A crise desde Galicia

Hoxe xa ninguén dubida da grave deterioración económica española. A pantasma do paro domina o panorama nacional roldando os tres millóns, con incrementos mensuais da orde dos douscentos mil, sen que se atisbe a detención inmediata desta sangría. Antes ao contrario, os analistas prevén que continúe ata alcanzar taxas do 15% da poboación activa, con repercusión inevitable e dolorosa sobre o clima social. Mesmo cando as figuras oficiais de apoio ao paro están aliviando inicialmente esta continxencia, vemos que o seu elevado incremento xa consumiu a dotación orzamentaria para este ano e, de continuar a tendencia, a partida prevista para estas atencións en 2009 pode esgotarse a mediados de ano. O paro, como manifestación tanxible da recesión económica, é o maior problema do momento actual.

Os principios tradicionais da Facenda Pública están sendo subvertidos ante a profundidade e dimensión da crise que, con maior ou menor intensidade, afecta ás principais economías deste mundo globalizado, tanto de países ricos como emerxentes. Polo que respecta a España, estamos navegando cara o 2009 cun orzamento absolutamente irreal: os ingresos previstos non se acadarán mentres as obrigas orzadas sexan, como son xa a día de hoxe, bastante menores que as que realmente se haberán de afrontar. Ante esta evidencia, sorprende a contumacia de non corrixir previsións totalmente desfasadas. En consecuencia, o Orzamento como folla de ruta e guía carece de sentido e de valor e só o déficit crecente cadrará as contas do Estado, trasladando ao futuro a consecución do beneficioso equilibrio. Non pretendemos demonizar o déficit, pois en tempos de recesión económica e diminución acentuada da demanda o recurso ao déficit é inevitable. Agora ben, debe administrarse con prudencia, como as máis prestixiosas institucións veñen aconsellando.

A situación actual ten compoñentes externos e internos. En principio, non cabe achacala exclusivamente ás políticas neoliberais americanas que en plena orxía crediticia minaron a confianza no sistema. Na perda de confianza xeralizada atopamos en boa medida a causa do receo imperante. Ninguén confía en ninguén, ata o punto de que son as propias entidades financeiras as que recelan de si mesmas, limitando ao máximo o mercado interbancario, ata agora instrumento fundamental do financiamento do sistema. E no caso español, cun mercado no que sempre escasearon os capitais propios, se as institucións crediticias restrinxen os fluxos financeiros, xa non só para investimentos senón para as máis perentorias necesidades de circulante, a economía colápsase, as empresas entran en suspensión e o paro aumenta en espiral perversa.

Efectivamente, a desregulación financeira americana propi-

ciou a asunción de riscos crecentes sen as máis elementais caucións de solvencia. A anécdota do negro de Alabama, que, recostado sobre a beirarrúa fronte a un luxoso edificio, era sorprendido por un axente hipotecario ofrecéndolle un piso naquel inmovible sen máis garante que a súa firma, é paradigma da alegría con que sociedades hipotecarias e banca prodigaron o crédito mediante hipotecas lixo ou “subprime”, que logo expandiron sen responsabilidade algunha. Produtos estruturados con inclusión daquelas operacións insolventes e derivados para a especulación e non para cobertura de riscos levaron ao bordo da quebra ás máis importantes entidades hipotecarias, banca de investimento e tamén banca tradicional dos Estados Unidos de América.

As autoridades americanas, conscientes da bancarrota inminente, acudiron rapidamente na súa axuda aburados polo antecedente da crise de 1929, alagando de liquidez o sistema e, desde a Reserva Federal ao propio Tesouro, facilitaron sumas millonarias e ata nalgúns casos, en contra dos seus cacareados principios de mercado, tomaron participación naquelas entidades máis necesitadas con actuacións socializantes impropias do berce do capitalismo. As metástases destas prácticas de risco expandíronse polo mundo e chegaron a Europa, principalmente ao Reino Unido, a Alemaña e a Italia, que tamén houberon de inxectar liquidez xenerosa ás súas entidades de crédito e aforro e, nalgúns casos, tomar participación nas de maior risco, ata con presenza nos seus órganos de goberno. Nun principio, a actuación coordinada dos gobernos e dos bancos centrais contiveron o pánico tanto polo apoio inmediato ás distintas entidades como pola garantía estatal dos depósitos nas entidades financeiras, rematando así co descrédito inminente de retiradas masivas coas súas nefastas consecuencias.

Ata o momento, o “sunami” americano non alcanzou directamente a España, salvo a algunha que outra entidade que, ao parecer, vén dando un tratamento favorable aos seus clientes, investidores pola súa mediación en activos americanos putrefactos. Con todo, é evidente que as facilidades de crédito hipotecario tamén se prodigaron entre nós. Quizais con máis rigor formal pero tamén con xenerosidade crecente nunha conxuntura de abundancia de recursos e diñeiro barato. As valoracións dos bens hipotecados establecéronse con largueza e a competitividade agresiva dos comerciais fixo o resto. A hipoteca era asumible e vantaxosa cando os inmoibles de ano en ano incrementaban o seu valor. Por outra banda, o financiamento de promoción tamén se obtiña con facilidade nun mercado crecente e ilimitado. Ata as grandes operacións corporativas sobre compañías eléctricas, autoestradas, concentracións de todo tipo e toma de posicións

relevantes en distintos sectores favorecéronse con aquiescencia política e afinidade partidaria ao impulso de apalancamentos espectaculares sen máis garante que os títulos dos activos adquiridos. Todo iso co consentimento dos distintos gobernos e de distinto signo que no tempo foron. A economía do ladrillo e o pelotazo investidor con apalancamento foron a característica dun tempo que nos fixo vivir o espellismo dunha falsa riqueza que agora sufrimos con incrementos da morosidade ou graves dificultades para regularizar elevadas posicións debedoras de empresas cuxa capitalización en bolsa baixou nalgúns casos á metade do seu valor de adquisición. Esta situación afecta á gran masa de poboación hipotecada por vivenda, que atopará un respiro co descenso do euribor pero se presenta máis difícil nas grandes operacións de apalancamento. Para os debedor farase mais dura a súa regularización aínda asumindo quebrantos importantes, e para as institucións españolas acreedoras creará problemas de liquidez, pois han de atender as súas obrigacións de financiamento exterior con vencimentos inmediatos que limitan a súa capacidade de concesión de novos créditos.

Neste escenario, a crise en Galicia estase manifestando con menor virulencia pola nosa particular estrutura económica, pois historicamente sempre se padeceu menos nos períodos de retardación aínda cando tamén crecíamos menos nos de bonanza. Particularmente, o peso do sector primario e as raíces familiares vivas entre a poboación de procedencia rural desprazada e o tradicional autoconsumo, cando non o recurso á emigración, permitiron sortear as dificultades. O cadro hoxe modificouse sensiblemente. Agricultura e pesca, que outrora ocupaban en torno ao corenta por cento da poboación activa, actualmente empregan a cerca do dez por cen, a industria ocupa o dezaioito por cen, a construción o doce, mentres os servizos alcanzan o sesenta por cento. A terciarización da economía galega é un feito evidente.

Con todo, esta estrutura aínda favorece a contención do paro e a ela débense as mellores cifras en relación con outras rexións e coa media nacional. É previsible que o emprego no sector primario se mantéña e ata aumente se se adoptan políticas enérxicas de cultivos en terras ociosas, apóiase á gandería xeralmente maltratada por Europa e deféndense os intereses pesqueiros nacionais no marco da política pesqueira común, que, desde o noso ingreso na hoxe UE, distinguíunos cun trato inxusto e discriminatorio. Nesta circunstancia, unha particular atención ás pesqueiras de baixura e litoral, así como cultivos consolidados, de tanta importancia social e económica en grandes áreas litorais, axudarán a sortear as dificultades que se aveciñan.

Non é o momento de analizar detalladamente os sectores da economía galega. Con todo, poden selo algunhas referencias no contexto da crise en cernes, principalmente referidas á situación patrimonial das nosas industrias máis importantes. En primeiro lugar, algunhas consideracións sobre o sector enerxético, da miña particular vocación, para afirmar rotundamente que a produción en Galicia, tanto hidráulica como de carbón, fuel/gas, ciclo combinado no seu caso, eólica e outras enerxías renovables ou non obtidas en territorio galego son galegas para todos os efectos. Hai quen pretende limitar este carácter soamente á ener-

xía hidráulica e eólica, negándollo ás doutra orixe, para así deducir que Galicia non produce excedentes en beneficio doutros mercados. Padecemos a contaminación –a das Pontes de García Rodríguez foi a térmica máis contaminante de España– para incrementar os beneficios de Endesa, que se perdeu en mans italianas. O mesmo ocorre coas térmicas de Unión Fenosa que, de man en man, non se sabe aínda onde irán parar. Con todo, ninguén nega a condición catalá á produción dos seus nucleares tarraconenses.

Estes días, a prensa galega recolle comentarios dispares sobre o cano eléctrico recentemente aprobado pola Xunta ou sobre a participación oficial nas inminentes concesións eólicas. Trátase de consideracións superficiais e interesadas que non entran no verdadeiro problema derivado do sistema de tarifas eléctricas unificadas.

O prezo do quilovatio galego a pé de xeración é o mesmo que trasladado a seiscentos quilómetros de distancia cando, como suxeriron os economistas do Banco Mundial, debiera de establecerse, sen detrimento do beneficio empresarial, ao seu custo real. Este é o maior espolio da economía galega en favor doutros mercados, ao ser privada dun recurso natural que impulsaría a súa industrialización e progreso. Se algún día se promove un novo Estatuto, é evidente que a consideración do aproveitamento prioritario dos nosos recursos para o desenvolvemento da Comunidade é unha cuestión ineludible.


O sector do granito e afíns pode verse afectado polo crac da construción e ata a demanda exterior sufrir un retroceso, do mesmo xeito que a produción de lousas. O sector do cemento e a minería, polo xeral moi fragmentado, conta cunha destacada presenza foránea. No sector químico producíronse peches de plantas diversas e mantense a esforzada loita do grupo Zeltia trala homologación dos seus produtos. Destaca a presenza do grupo anglosueco Astra Zéneca en Torneiros en franca expansión de investigación. Están en marcha varios proxectos de fabricación de biocarburantes. No sector metalúrxico estanse producindo movementos: Siderúrgica Añón vendeuse ao grupo catalán Celsa, entre cuxos obxectivos, segundo algúns comentaristas, está a esterilización da posible expansión do grupo galego en Sagunto. Ou sexa, comprar para frear. Triunfan, con todo, Exlabesa, de Padrón, líder en produtos de aluminio extrusionado, e Eurolátón, de Caldas de Reis, ata con presenza internacional relevante. A Construción Naval conta cunha carteira de pedidos para tres anos. As bancadas dos estaleiros vigueses están a pleno funcionamento. Pero a crise mundial pode afectarlle. Os fletes descendieron sensiblemente e as dificultades crediticias están provocando renuncias de contratos. No entanto, o importante enclave de Vigo continúa de momento a pleno emprego. A construción militar en Ferrol segue subordinada ao favor oficial que se prodiga noutras factorías, mentres Astano languidece, vítima da nosa desidia política. A automoción en Galicia ten como expoñente estelar a factoría de Citroën en Vigo e a importante constelación de industria auxiliar xerada na súa contorna. De momento, non programou ningún ERE, mantendo o clima social de entendemento que a caracterizou. Se a demanda de automóviles conti-

núa descendendo, é previsible que se produzan regulacións con especial incidencia na industria auxiliar. O sector madeireiro ten en Ence, sempre en recorrente ameaza de traslado, o seu demandante principal. Finsa continúa a súa expansión en determinadas especializacións –armaduras e tarima flotante– e emerxen empresas dedicadas á transformación de madeira e forestal. Sen dúbida é necesaria unha política forestal eficaz de conservación e mellora do monte. O sector galego da confección ten en Inditex a súa empresa máis importante con proxección internacional. Inditex vai camiño de ser a realización económico-empresarial de Galicia de máis relevo en todos os tempos. O sector conta tamén con outras empresas relevantes como Domínguez, en Ourense, ou Verino, en Verín. A alimentación, especialmente en canto á industria de transformación de produtos conxelados e conserveira, conta con instalacións importantes a consecuencia tanto das achegas da importante flota conxeladora galega como pola tradición conserveira, que aínda hoxe ocupa o primeiro lugar en España. Trátase dun sector de perspectivas dúbidas. A competencia das producións asiáticas de conxelado condiciona as nosas producións e a conserveira, sempre en permanente reconsideración, esfórzase en prevalecer. A estas alturas, é posible que soamente nunha concentración enérxica atopen viabilidade. A industria láctea galega como tal é inexistente, pois a maioría das produtoras pasaron a mans alleas. Prevalece a esperanza de creación dun grupo lácteo galego, ante as incursións constantes doutros investidores, desde Rumasa a Portugal, pasando por Estados Unidos. O sector lácteo é paradigma do derrube patrimonial galego. Tanto a industria cárnica ao redor da ourensá Coren como a incursión dos viños galegos de calidade e a consolidación das nosas augas minerais, ofrecen perspectivas favorables. O sector servizos veu ocupando un 60% da poboación activa, destacando os subsectores de comercio e hostalería e actividades de educación e sanitarias. O comportamento do turismo pode verse afectado pola situación xeral, pero a bondade da oferta ben publicitada debe favorecerlle. A coordinación dos aeroportos ten que contemplarse en función da demanda e especialización. As estradas esperan maior atención mentres a autoestrada vertebradora do eixo A Coruña-Vigo pasou a mans estranxeiras, que non mellorarán os servizos pero si a súa propia rendibilidade. Unha nova autoestrada desde Pontevedra a Vigo para eludir Rande é de necesidade urxente.

Galicia afronta a crise en situación aceptable. É certo que aínda non se resolveu a entrada do AVE que, en principio, segue marxinando o sur da Comunidade co importante enclave de Vigo. Estes días púxose lamentablemente de actualidade a Y vasca que unirá as súas tres capitais. En Cataluña, o trazado desde Lérida baixou a Tarragona para desde alí subir a Barcelona camiño de Francia. Todo un exemplo de trazados racionais en busca da máxima rendibilidade. Cando aprenderemos?


En momentos de recesión hai que afrontar a situación con decisión e unidade. Unidade política e decisión común sen reinos de taifas neste pequeno país económica e espiritualmente débil. Debemos pensar en Galicia como un todo, sen localismos, e procurar que os recursos propios sean explotados por capitais

e empresas galegas. Isto fan Cataluña, o País Vasco, Valencia e Andalucía, que ata se apropiou do Guadalquivir. Urxe un novo Estatuto no que a Economía ocupe lugar preeminente. O panorama de perda patrimonial autóctona é alarmante e pode acentuarse se a ampliación eólica inminente pasa novamente a intereses alleos. Nada máis lonxe que incitar unha política de aversión ao investimento foráneo. Benvinda se os seus beneficios se domicilian na economía galega para xeración de novos investimentos. Unha análise ponderada da situación conclúe que os nosos máis importantes recursos naturais perdémolos para Galicia. Non persistamos no erro e actuemos unidos, porque moitas veces somos nós mesmos os que atacamos proxectos autóctonos só por localismos malentendidos ou avaricia empresarial malsana.

O Goberno central está pondo en marcha diversas actuacións paliativas. Entre elas recursos para os municipios cuxa utilización debера ser obxecto de estudo e de control. Non se poden dilapidar os recursos. Tamén novas obras de infraestrutura onde Galicia debe contar. Estamos nun momento de incerteza mentres o beneficio do crédito segue sen chegar ás empresas e ás familias a pesar dos incentivos propostos. É necesario recuperar a confianza. 

---

Victor Moro é economista.



Intentamos chegar  
a todos os galegos,  
atópense onde se atopen,  
e procurar que todos  
se recoñezan nestas páxinas.

¿Quere recibir cada trimestre  
no seu enderezo esta publicación?

Sexa cal sexa o seu lugar de residencia  
enviarémoslla por 60€ anuais  
(portes incluídos).

Envíenos os seus datos  
e acudiremos á cita.

Intentamos llegar  
a todos los gallegos,  
se encuentren en donde se encuentren,  
y procurar que todos  
se reconozcan en estas páginas.

¿Quiere recibir cada trimestre  
en su domicilio esta publicación?

Sea cual sea su lugar de residencia  
se la enviaremos por 60€ anuales  
(portes incluidos).

Envíenos sus datos  
y acudiremos a la cita.

## SUBSCRÍBASE

### GALEGOS

Ensenada de Ézaro Ediciones  
San Clemente, 1 – 15705 Santiago de Compostela – A Coruña (España)  
Tel 0034 981 555 291 – Fax 0034 981 572 077  
info@ezaroediciones.com – www.ezaroediciones.com